



A.N.P.A. "Os Valados" do CEIP Vilaverde – Mourente
Rúa Vilaverde 9, Mourente
36164 Pontevedra
Tlf: 690.731.207 info@anpavilaverde.org



CIRCULAR CAMPAMENTO 2016

Como ven sendo habitual, a ANPA organiza no vindeiro mes de Maio un campamento para nenos e nenas dos cursos 3º, 4º, 5º e 6º de primaria.

Este ano volvemos a repetir no cámping PRAIA PAISAXE II en San Vicente de O Grove. Se queredes ver imaxes do camping: <http://www.campingplayapaisaxe.com/paisaxell>.

As datas para a realización do campamento serán dende o venres **27 de maio** de 2016 ata o domingo **29 de maio** de 2016. A saída será sobre as 17 horas e o regreso o domingo a partires das 18 horas.

O número de prazas dispoñibles é de 90. **O prezo máximo do campamento será de 90€** (inclúe transporte, aloxamento, comida e actividades). Para os socios da ANPA haberá un desconto sobre ese prezo, que aínda está por determinar. (Para ter dereito a este desconto é preciso ter entregado o formulario de inscrición da ANPA e ter feito o pago da cota no prazo establecido)

Debido a necesidade de reservar as prazas no cámping, é necesario facer un adianto. A cantidade necesaria para a reserva de praza será de **20€**, que se descontará da cantidade final a pagar en maio. Esta cantidade deberá aboarse por transferencia ou ingreso na conta do BBVA:

ES80-0182-5151-27-0201538379 (20€)

indicando o **nome e apelidos** do neno ou nena no **concepto/observacións** (non no beneficiario) do ingreso **antes do día 31 de marzo de 2016**. Deberase entregar na oficina ou na caixa de correo da ANPA o formulario de reserva **cuberto e asinado** e a **fotocopia do resgardo bancario**.

Se deberá gardar o orixinal do resgardo de ingreso como xustificante da reserva. Os que aboen esta cantidade terán a praza asegurada (en caso de que a demanda de prazas supere as prazas dispoñibles terán prioridade os socios, e terase en conta a data do ingreso e a da entrega da reserva). Aos nenos que non fagan o abono, non poderemos garantirlle a praza. Debido a que o camping cobraranos as prazas reservadas aínda que non se ocupen, non se devolverá a cantidade adiantada, salvo motivo xustificativo.

Mourente, 3 de Marzo de 2016

RESERVA CAMPAMENTO 2016 (axuntar xustificante bancario do ingreso) Data de entrega: __/03/16

Nome e apelidos do neno/a		Curso	
Nome e apelidos do pai ou nai		NIF pai ou nai	
Email e teléfono		Socio: <input type="checkbox"/> SI <input type="checkbox"/> NO	

Firma:

En cumprimento da Lei Orgánica 15/1999 de 13 de Decembro de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD), informámoslle que coa asinamento do presente formulario vostede consente que os datos do presente formulario sexan tratados e incluídos en un ficheiro de datos de carácter persoal coa finalidade da realización da actividade solicitada. Os datos dos participantes poderán ser cedidos ás empresas responsables da realización da actividade solicitada. O responsable do ficheiro é a ANPA "Os Valados" do CEIP Vilaverde-Mourente, con domicilio na Rúa Vilaverde 9, 36164 Pontevedra, a cal lle garante os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dos datos facilitados, nos termos e condicións previstos na propia LOPD, mediante unha comunicación por escrito dirixida á dirección indicada. Tamén consente que durante a actividade se poidan realizar fotografías dos participantes da actividade, coa posibilidade de publicalas nas páxinas web do centro ou da propia ANPA.